

ANUNCIO POLO QUE SE FIXA A DATA LÍMITE DE SOLICITUDE PARA CAMBIOS DE TITULARIDADE POR COMPRAVENDA DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BARBEITO (VILASANTAR – A CORUÑA)

O 13.09.2019 aprobouse o acordo da zona de concentración parcelaria e a día de hoxe está pendente de firmeza.

O 20.10.2022 a directora xeral de Desenvolvemento Rural emitiu resolución segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia (modificada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), na que se acorda establecer como **data límite** para solicitar **cambios de titularidade por compravenda o 31.12.2022 (inclusive)**.

Para isto deberán presentar ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña:

- 1 Solicitude cambio de titularidade.
- 2 Escritura pública e liquidación do imposto correspondente.

En todo caso, a persoa adquirente queda subrogado na posición do anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Nota: No caso de **falecemento** do titular e cando exista partición de herdanza, se admitirán cambios de titularidade, ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte a predios de substitución íntegros.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña
M^a Belén Mosquera Val

